

Xoves, 30 de xullo de 2026

Núm. 144

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****NIGRÁN****Outros documentos, notificacións e informacións públicas***APROBACIÓN PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS
FORESTAIS**ANUNCIO*

De conformidade co artigo 7 da Lei 2/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa dos incendios forestais, mediante decreto da Alcaldía do 26/11/2025 aprobouse o Plan Municipal de Protección e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Nigrán, asinado o 11/08/2025 polo enxeñeiro de montes D. José Martín Martínez Abal.

O dito instrumento está dispoñible para a súa consulta no Portal de Transparencia da sede electrónica do Concello de Nigrán (nigran.sedelectronica.gal).

A dita resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, recurso que se entenderá desestimado polo transcurso dun mes sen ditarse e notificarse resolución expresa e sen que tal interposición suspenda o acto ditado; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses; todo o anterior sen prexuízo de calquera outro recurso que se estime procedente interpoñer e sexa conforme a Dereito.

Nigrán, a data da sinatura electrónica

A Alcaldía

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:D67QA62SRL9S4WLM

